

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 15 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/das no concurso-oposición para o ingreso na categoría de telefonista e se inicia o prazo para a elección de destino.*

Por resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 15 de marzo de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 60, do 27 de marzo), habilitouse o prazo dun mes para que os/as aspirantes seleccionados/as no proceso selectivo para o ingreso na categoría de telefonista, convocado pola Resolución do 29 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 8, do 14 de xaneiro), presentasen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria.

A base novena da Resolución do 29 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 8, do 14 de xaneiro), de convocatoria do proceso, dispón que os/as aspirantes que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos para participar no presente proceso selectivo, non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións.

A mesma base establece que, comprobada a documentación de todos/as os/as aspirantes aprobados/as, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as, as prazas que se lles oferten e o procedemento e prazo para que estes/as manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

En virtude do exposto, comprobada a documentación dos/das aspirantes e finalizados os prazos de impugnación administrativa contra a Resolución do 15 de marzo de 2023, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais da categoría de telefonista, relativos á baremación definitiva da fase de concurso, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar como anexo I a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de telefonista, segundo a orde que, en aplicación das bases da convocatoria, deberá seguirse para os efectos da adxu-



dicación de destino. En aplicación da base 9.7 da resolución de convocatoria do proceso, alterouse a orde de prelación para a elección da praza dunha persoa aspirante.

Segundo. Aprobar a relación de destinos que se ofertan aos/ás aspirantes seleccionados/as neste proceso, que figura como anexo II da presente resolución.

Terceiro. Abrir un prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao desta publicación para que os/as aspirantes que constan no anexo I desta resolución seleccionen telematicamente, a través do sistema de información Fides/expedient-e, os destinos ofertados por orde de prelación

No procedemento de selección de destinos resultarán de aplicación as bases aprobadas pola Resolución do 28 de maio de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 109, do 5 de xuño).

Os/as aspirantes que, no prazo indicado e conforme o procedemento establecido, non seleccionen ningún destino ou non resulten adxudicatarios/as de ningún polo que optasen, non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán sen efecto todas as súas actuacións neste proceso.

Cuarto. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2023

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO I  
Relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as

Telefonista

| Nº | DNI       | Apellidos e nome                    | Acceso | Nota OPE | Formación | Experiencia | Total  |
|----|-----------|-------------------------------------|--------|----------|-----------|-------------|--------|
| 1  | ***4733** | Álvarez Pérez, Leticia              | DI     | 38,500   | 12,000    | 13,402      | 63,902 |
| 2  | ***7115** | Rodríguez Cortiñas, María del Pilar | PI     | 53,125   | 12,000    | 19,874      | 84,999 |
| 3  | ***8214** | Gómez Roel, Guadalupe               | PI     | 41,750   | 12,000    | 22,250      | 76,000 |
| 4  | ***3190** | Yáñez Folgueira, Eva María          | PI     | 48,250   | 12,000    | 12,300      | 72,550 |
| 5  | ***2526** | Méndez Meilán, María Elena          | PI     | 46,500   | 12,000    | 11,444      | 69,944 |
| 6  | ***7363** | Tenreiro Pena, Héctor               | PI     | 45,125   | 12,000    | 10,535      | 67,660 |
| 7  | ***2337** | Aldariz Rodríguez, José Antonio     | PI     | 46,875   | 12,000    | 7,590       | 66,465 |
| 8  | ***1154** | Fernández Díaz, Asunción            | PI     | 45,000   | 12,000    | 8,978       | 65,978 |
| 9  | ***7829** | Piñeiro Díaz, Francisco Javier      | PI     | 51,000   | 12,000    | 1,320       | 64,320 |
| 10 | ***0779** | García Yelo, Encarna                | PI     | 47,500   | 12,000    | 4,760       | 64,260 |
| 11 | ***6237** | Martínez Suárez, Xesús              | PI     | 42,125   | 12,000    | 9,920       | 64,045 |
| 12 | ***2263** | Gómez Maira, Ana María              | PI     | 41,625   | 12,000    | 10,260      | 63,885 |
| 13 | ***5722** | García García, María Isabel         | PI     | 40,375   | 10,950    | 11,480      | 62,805 |
| 14 | ***2015** | Quiroga Rubianes, María Jesús       | PI     | 40,375   | 12,000    | 9,350       | 61,725 |
| 15 | ***5219** | Bernárdez Brañas, María Belén       | PI     | 39,500   | 12,000    | 10,002      | 61,502 |
| 16 | ***1506** | Canosa Lucas, Mónica                | PI     | 43,125   | 12,000    | 6,088       | 61,213 |
| 17 | ***6217** | Vázquez Fernández, Ernesto          | PI     | 47,250   | 6,000     | 7,836       | 61,086 |
| 18 | ***2190** | Graña Tapia, Margarita del Rocío    | PI     | 39,000   | 12,000    | 9,520       | 60,520 |
| 19 | ***2246** | Ogando Mourriño, María Luz          | LI     | 42,125   | 12,000    | 28,000      | 82,125 |
| 20 | ***3763** | Carrera Castro, Pilar               | LI     | 40,125   | 12,000    | 28,000      | 80,125 |
| 21 | ***0739** | Rivas Fraga, María Pilar            | LI     | 40,000   | 12,000    | 28,000      | 80,000 |
| 22 | ***4393** | Gayoso Pereiro, Susana              | LI     | 39,375   | 12,000    | 28,000      | 79,375 |
| 23 | ***0498** | Alonso García, Patricia             | LI     | 38,500   | 12,000    | 26,650      | 77,150 |
| 24 | ***2165** | Fentanes Framil, Mónica             | LI     | 44,875   | 12,000    | 19,000      | 75,875 |
| 25 | ***5224** | López Iglesias, Manuela             | LI     | 35,750   | 12,000    | 28,000      | 75,750 |





| Nº | DNI       | Apelidos e nome                 | Acceso | Nota OPE | Formación | Experiencia | Total  |
|----|-----------|---------------------------------|--------|----------|-----------|-------------|--------|
| 26 | ***9430** | Pérez Redondas, Ramona          | LI     | 34,500   | 12,000    | 28,000      | 74,500 |
| 27 | ***2349** | Domingo Carod, Montserrat       | LI     | 34,250   | 12,000    | 28,000      | 74,250 |
| 28 | ***7917** | Bures Miguens, Ana Rosa         | LI     | 44,625   | 12,000    | 17,600      | 74,225 |
| 29 | ***1957** | García Álvarez, María Guadalupe | LI     | 40,000   | 12,000    | 22,200      | 74,200 |
| 30 | ***9298** | Rodríguez Grande, Beatriz       | LI     | 37,125   | 12,000    | 19,000      | 68,125 |
| 31 | ***7200** | Bascuas Otero, María Dolores    | LI     | 35,625   | 12,000    | 19,500      | 67,125 |
| 32 | ***8153** | Guedella González, Esmeralda    | LI     | 38,625   | 12,000    | 16,200      | 66,825 |
| 33 | ***5896** | Goyanes Vázquez, María José     | DI     | 38,500   | 12,000    | 14,972      | 65,472 |

Acceso: DI: discapacidade xeral; LI: libre; PI: promoción interna.

(\*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

## ANEXO II Relación de destinos ofertados

### Telefonista

| Centro directivo                               | Centro/s                                       | Quenda | Concello               | Núm. prazas |
|--|--|--------|------------------------|-------------|
| A.S. da Coruña e Cee                           | A.S. da Coruña e Cee                           | -      | A Coruña               | 5           |
| A.S. de Ferrol                                 | A.S. de Ferrol                                 | -      | Ferrol                 | 3           |
| A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos     | A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos     | -      | Lugo                   | 4           |
| A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos     | Hospital Público da Mariña                     | -      | Burela                 | 3           |
| A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos     | Hospital Público de Monforte de Lemos          | -      | Monforte de Lemos      | 1           |
| A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras | A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras | -      | Ourense                | 6           |
| A.S. de Pontevedra e O Salnés                  | A.S. de Pontevedra e O Salnés                  | -      | Pontevedra             | 5           |
| A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza      | A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza      | -      | Santiago de Compostela | 3           |
| A.S. de Vigo                                   | A.S. de Vigo                                   | -      | Vigo                   | 3           |